



Concello de
Oleiros

**INFORME SOBRE A VALORACIÓN DOS SOBRES 1 DAS EMPRESAS
ADMITIDAS Á LICITACIÓN DA OBRA DENOMINADA “PAVIMENTACIÓN DA RÚA
MAPOULAS E RÚA ABELLA”**

ANTECEDENTES:

Con data 30 de agosto de 2018 tivo lugar a apertura dos sobre 1, subtitulados 'Documentación administrativa e proposta suxeita a avaliación previa' das ofertas presentadas polas empresas admitidas á licitación da obra denominada 'Pavimentación da rúa Mapoulas e rúa Abella'. Remitidas ó Departamento de Obras Públicas, o Enxeñeiro Municipal que asina o presente,

INFORMA:

Os criterios de valoración serán os recollidos no Anexo X do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado para esta licitación, e dentro destes estudarase especialmente o seguinte:

Criterios de adxudicación subxectivos suxeitos a avaliación previa (De 0 a 25 puntos)

- **Programa de traballo que contemple o desenvolvemento das distintas unidades que se han de realizar en cada prazo:**

Valorarase a presentación dun programa de traballo que contemple o desenvolvemento das distintas unidades a realizar en cada prazo, que deberá incluír:

a) Unha memoria explicativa e detallada da forma e orde de execución das unidades de obra, que reflecta a continuidade e coordinación dos traballos dos distintos oficios que interveñen, así como a definición da calidade de materiais, sistemas construtivos e instalacións que o contratista se compromete a empregar na obra.

b) Un gráfico da execución das distintas unidades de obra, en forma de diagrama de Gantt ou de barras, no que figure o orzamento mensual por contrata a prezos de proxecto (analizado en días naturais), axustado ás anualidades previstas, se é o caso, nas condicións de licitación. Calquera referencia neste gráfico a importes distintos do orzamento de licitación, supoñerá a non admisión da oferta.

c) Análise específica dos condicionantes externos á obra que poidan influír na execución e planificación dos traballos, así como as medidas propostas para causa-lo menor prexuízo posible á boa marcha das obras e para xerar os menores problemas posibles aos cidadáns (mobilidade, accesibilidade, afeccións a terceiros, afeccións ambientais, etc...). Esta análise deberá abranguer polo menos os puntos seguintes:

- Incidencia das obras, ou nestas, polo tráfico de vehículos e persoas pola zona afectada polas obras, especialmente en zonas e épocas de maior afluencia de persoas e actividades municipais. Deberanse describir espacial e temporalmente os cortes de tráfico que fosen necesarios, a sinalización orientativa provisional de cada fase e o balizamento requerido, os requirimentos normativos, a forma de execución das obras para facilitar o paso de peóns, etc..., achegando os planos e esquemas necesarios para a súa mellor comprensión.
- Calidade do equipo asignado para a execución da obra e dos materiais de execución, incluíndo unha descripción dos equipos, tanto humanos como materiais, que a empresa se compromete a destinar para a realización da obra.
- Proposta obxectiva de executar algúun tramo en horario nocturno.

O programa axustarase ás características, natureza e importe da obra.



**Concello de
Oleiros**

A presentación da oferta técnica deberá axustarse á ordenación establecida e recollerá explicitamente os apartados e subapartados sinalados nos criterios de adxudicación, non podendo superar o número máximo de follas fixado para cada epígrafe segundo a táboa 1. O incumprimento de calquera destas condicións anulará a avaliación do devandito apartado.

As ofertas realizaranse exclusivamente en fonte Arial, tamaño mínimo de letra 11 e entrelíñado sinxelo.

TÁBOA 1

CRITERIO SUBXECTIVO		Nº follas máximo	Formato
a)	Memoria descriptiva do proceso de execución e análise pormenorizada do proxecto	15	A4
b)	Diagrama de Gantt desenvolvendo as unidades de obra	3	Máximo A1
c)	Análise específica dos condicionantes externos á obra	15	A4

Como norma xeral para a valoración de tódolos apartados, valorarase con maior puntuación aquelas ofertas que especifiquen en maior medida as características mais identificativas da obra, así como as que demostren un maior coñecemento da área de actuación da mesma e das posibles incidencias que poidan xurdir durante o desenvolvemento dos traballos. Tamén valorarase a presentación xeral da oferta no relativo á descripción dos distintos apartados e a súa claridade, así como o seu axuste ás determinacións do Anexo X do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado para esta licitación.

Unha vez revisadas as ofertas presentadas e seguindo os criterios descritos, a puntuación dos sobre B obtida polos licitadores é a que segue:

EMPRESAS	CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN SUBXECTIVOS
	PROGRAMA DE TRABALLO
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	23
CANARGA, S.L.	16

A oferta presentada por Construcciones López Cao, S.L. destaca polo seu axuste e especificidade con respecto á obra que se licita, demostrando ter realizado un estudio exhaustivo a nivel documental e a nivel de campo das obras que se pretendan executar. Tódolos apartados da oferta destacan polo seu grao de detalle e adaptación á obra. Así, presenta un programa de traballo completo e particularizado, específico e totalmente adaptado á obra, que analiza de forma especialmente detallada as distintas particularidades da obra así como as posibles afeccións da mesma, propoñendo solucións ás distintas problemáticas que, tal e como se define na oferta, poderían aparecer durante o transcurso dos traballos.

A memoria explicativa da forma e orde de execución das unidades de obra é específica e detallada, o diagrama de Gantt considérase axeitado e adecuado á obra; e a análise dos condicionantes externos á obra redactouse de forma particularizada para a obra, estudiando de forma específica aspectos de relevante importancia durante o transcurso dos traballos, como poden ser ás afeccións ao tráfico rodado e ponil para os veciños do entorno e demais usuarios das vías de circulación.

A oferta presentada por Canarga, S.L. aporta unha memoria descriptiva do proceso de execución detallada, coa continuidade e coordinación dos traballos, definindo os sistemas construtivos principais cos medios materiais e persoais e empregar e as calidades e produtos a emplegar; non obstante, a oferta é menos



**Concello de
Oleiros**

precisa e detallada que a do outro licitador, cun nivel de definición baixo. O diagrama de Gantt considérase axeitado.

Respecto a análise específica dos condicionantes externos á obra, esta é moi básica, incorrendo en certos errores no relativo aos desvíos de tráfico propostos (propónense desvíos por camiños innaccesibles), non aportando solucións para a correcta planificación das obras.

O que se informa aos efectos oportunos.

Oleiros, a 18 de setembro de 2018

O Enxeñeiro Municipal,

Asdo.: Iñaki Cubillo Bueno